



PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

CURSO 2023-2024

1. MATERIA: Latín I

CURSO: 1º Bacharelato

2. INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA PENDENTE:

O departamento ten unha alumna con Latín I pendente de 1º de bacharelato.

O ano académico anterior esta alumna tiña cursado Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I como materia de modalidade, matriculándose no presente curso escolar en Latín II como materia de modalidade e pasando a ter Latín I como materia pendente de 1º de bacharelato.

Dado que esta alumna cursou o ano anterior Grego I con excelentes resultados, botarase man dos seus coñecementos de morfoloxía e sintaxe desta lingua como base para acceder por analoxía ao manexo da morfo-sintaxe latina.

A materia de Latín I vertébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo romano, e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización latina. A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización latina, o alumnado de Latín I localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos da fonética, o léxico, a morfoloxíe a sintaxe da lingua latina.

O estudo do latín proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria. O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.



3. CURRÍCULO A DESENVOLVER:

O currículo a desenvolver consiste nas dez unidades didácticas contempladas na programación de Latín I

1. Introducción á lingua latina
2. Roma no mundo
3. Lingua latina I
4. Lingua latina II
5. Lingua latina III
6. Lingua latina IV
7. Lingua latina V
8. Latín e plurilingüismo I
9. Latín e plurilingüismo II
10. Legado e patrimonio

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Para a avaliación e cualificación de cada trimestre realizarase unha proba escrita nas seguintes datas:

1. Primeiro trimestre: última semana de outubro.
2. Segundo trimestre: última semana de febreiro.
3. Terceiro trimestre: segunda semana de abril.

As probas escritas constarán dunha parte de teoría e outra de análise morfosintáctico e tradución.

Respecto á cualificación, establécese unha porcentaxe do 90 % para as probas escritas e un 10 % para o traballo do alumnado, utilizándose a tal fin como procedementos e instrumentos de avaliación a análise das tarefas entregadas pola alumna en cada un dos trimestres.



Dada a natureza progresiva da materia, a nota final de curso na avaliación ordinaria resultará de sumar as porcentaxes asignadas a cada trimestre: un 15 % do primeiro trimestre, un 35% do segundo e un 50 % do terceiro.

No caso de non resultar a materia aprobada nas probas parciais trimestrais, levarase a cabo un proba final nunha data a determinar no mes de maio.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER:

Como se comentou máis arriba, **dado** que esta alumna cursou o ano anterior Grego I con excelentes resultados, botarase man dos seus coñecementos de morfoloxía, sintaxe e tradución desta lingua como base para acceder por analoxía ao manexo da morfo-sintaxe e tradución da lingua latina.

A materia de Latín, como a de Grego, ten unha serie de elementos que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. A aprendizaxe das linguas clásicas resulta clave para a mellora nas linguas propias, nas extranxeitas e para o afondamento no plurilingüismo , partindo dun coñecemento gramatical e da utilización de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos a través da tradución dos textos latinos cara á lingua propia.

Por outra parte, cómpre considerar que o currículo conta tamén cun importante grupo de contidos non lingüísticos relacionados coa xeografía, historia, sociedade, relixión e legado para os cales hai que utilizar unha metodoloxía ben diferente. Neste caso, levaranse a cabo lecturas de contidos que so aparecen en Latín I, mentres que formarán parte das probas escritas aqueles contidos que se repiten nas materias de Latín I e Latín II, como son as locucións latinas e o estudo da etimoloxía.

Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, e outras linguas estudadas polo alumnado, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.

6. RECURSOS:

Aula virtual

Libro de texto: Latín 1º Bacharelato, editorial Anaya



7. TAREFAS A REALIZAR E TEMPORIZACIÓN DAS MESMAS:

En cada trimestre, antes da data da proba escrita, a alumna entregará en papel á profesora as tarefas do libro de texto correspondentes ás unidade didácticas obxecto de estudo nese trimestre.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

Dado que alumna vai cursar Latín II coa mesma profesora que leva a cabo o plan de reforzo e recuperación de Latín I, o seguimento será presencial e intentarase, na medida do posible, entroncalo co desenvolvemento da materia de Latín II.

As tarefas entregadas nas datas indicadas, serán avaliadas e devoltas á alumna. No caso de presentar algún atranco no desenvolvemento das tarefas, reforzarase a explicación dos items en cuestión.

As tarefas desenvolvidas serven de orientación para os contidos das probas escritas.

Para máis información, consultar o punto 4 de criterios de avaliación da materia.